PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 654 VI lexislatura 22 de outubro de 2004

SUMARIO

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

— Emendas formuladas ao Proxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Tecnólogos dos alimentos

Emenda á totalidade formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Doc. núm. 18032 41975

Emenda formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Doc. núm. 18031 41976

Emenda formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia.

Doc. núm. 18008 41979

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas formuladas ao Proxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Tecnólogos dos alimentos

Presidencia

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas formuladas ao Proxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Tecnólogos dos alimentos.

— Emenda á totalidade formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 18032).

— Emenda formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 18031).

— Emenda formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 18008).

Santiago de Compostela, 20 de outubro 2004

José María García Leira

Presidente

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
24 SET. 2004
Núm.: 18032

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, apresenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Tecnólogos dos Alimentos de Galiza** (doc. núm. 17.162, BOPG nº 622 de 07-09-2004).

Entendendo a necesidade da creación do Colexio de Tecnólogos demandada polos titulados en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, consideramos que o proxecto de lei non plantexa a necesidade de establecer unha serie de requisitos mínimos, que é necesario definir ao obxecto de delimitar dereitos e deberes dos colexiados, a súa representación e formación dos Organos de Governo, así coma a necesidade de introducir medidas que fagan que o idioma galego forme parte da vida colexial, nun Colexio netamente Galego, polo que solicitamos por elo a DEVOLUCIÓN do proxecto, que de non ser admitida tentaremos de mellorar coas correspondentes enmendas parciais.

Santiago de Compostela, 24 de Setembro de 2004.

Asdo.: Francisco Trigo Durán
Portavoz S. do G.P. do BNG.

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rua do Hórreo, s/n Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
24 SET. 2004
Núm.: 18031

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, apresenta as seguintes **emendas parciais ao Proxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Tecnólogos dos Alimentos de Galiza** (doc. núm. 17.162, BOPG nº 622 de 07-09-2004).

Emenda núm. 1, de adición dun artigo 4º.-

Débese engadir un artigo 4º., que quedaría redactado como sigue:

"4.1. Os Órganos de Governo do Colexio Profesional serán:

a) Asambleia Xeral de Colexiados.

b) A Xunta de Governo.

c) A Presidencia do Colexio.

4.2. A Asambleia Xeral de Colexiados estará constituida por tódolos colexiados, será o órgano soberano, e terá coma mínimo as funcións establecidas no artigo 20 da lei 1/2001.

4.3 A Xunta de Governo estará composta polo Presidente, secretario e cinco vocais coma mínimo, asegurándose sempre estatutariamente, que o número de membros sexa impar.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
24 SET. 2004
Núm.: 18031

A distribución das funcións dos vocais levará aparellada para un deles a función de Tesoureria - Contaduría do Colexio."

Emenda núm. 2, de adición dun artigo 5º.-

Débese engadir un artigo 5º., que quedaría redactado como sigue:

"5.- Das comunicacións internas e externas

O idioma galego deberá usarse en tódalas comunicacións externas e internas do Colexio, asegurándose a presencia do mesmo na vida colexial, dacordo co establecido no Estatuto de Galiza."

Emenda núm. 3, de adición dunha Disposición transitoria terceira.

Débese engadir unha Disposición transitoria terceira que quedaría redactada como sigue:

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
24 SET. 2004
Núm.: 18031

"Disposición transitoria terceira.

"Os estatutos do Colexio ademais de axustarse ao establecido coma mínimo na sección 4ª da lei 1/2001, deberán regular o procedimento da moción de censura, ademais de establecer os mecanismos de auditoría externa das contas colexiais."

Santiago de Compostela, 24 de Setembro de 2004.

Asdo.: Francisco Trigo Durán
Portavoz S. do G.P. do BNG.

REXISTRO XERAL ENTRADA
23 SET. 2004
Núm.: 14.008

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Á Mesa da Comisión 7.ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas a articulado** ao Proxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Tecnólogos dos Alimentos de Galicia.

Emenda núm. 1.

Modificación da disposición transitoria primeira.

Onde di: "... Comisión Xestora que, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, aprobará uns estatutos provisionais do Colexio Profesional de Tecnólogos dos Alimentos de Galicia. Nos citados...", debe decir: "... Comisión Xestora que estára formada por un mínimo de seis membros e que, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, aprobará uns estatutos provisionais do Colexio Profesional de Tecnólogos dos Alimentos de Galicia. Da constitución desta Comisión Xestora darase comunicación ás universidades galegas que desenolven estudios de Tecnología de Alimentos, co obxedcto de promover a debida información aos seus licenciados. Nos citados..."

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2004

Asdo.: Emilio Pérez Touriño
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Horreo, s/n Parlamento de Galicia • Tfno.: 981 55 15 30 - Fax: 981 55 14 18 • 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA • gp-socialista@parlamentodegalicia.es

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727